

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DA MATERIA LINGUA GALEGA E LITERATURA

CURSO 2025-2026

Instrumentos de avaliación	Peso	Observacións
Coñecementos adquiridos e manifestados nos distintos exames, probas, traballos, exposicións, etcétera.	60 %	Será de obrigada lectura o libro encomendado para cada avaliación.
Claridade lectora, comprensión dos textos lidos, riqueza e precisión oral e escrita, competencia gramatical e riqueza léxica, dominio efectivo das normas ortográficas, capacidade para manexar fontes de información, etcétera. Correcta elaboración de exercicios na aula e presentación das tarefas encomendadas para realizar na casa.	30 %	As faltas de ortografía cometidas en todo tipo de escritos (exercicios, traballos, exames, etc.) penalizaranse con ata un máximo de dous puntos. A deficiente presentación (caligrafía, marxes e sangrías, riscaduras, etc.) dos escritos, poderá dar lugar a unha penalización de ata 1 punto na súa cualificación.
Actitude positiva na produción de textos orais con corrección; puntualidade e dilixencia na entrega de traballos e tarefas que se soliciten de xeito presencial, a través da aula virtual, correo electrónico ou outros medios.	10 %	Os traballos e exercicios que se soliciten terán unha data de entrega que será de obrigado cumprimento por parte do alumnado.
No artigo 12 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia establécese: «Nas clases de lingua e literatura galega usarase o galego, tanto por parte do profesorado como por parte do alumnado». O incumprimento deste artigo por parte do alumnado no desenvolvemento das sesións provocará un suspenso na materia en tanto que demostra falta de coñecemento ou respecto pola utilización da nosa lingua que é o núcleo da propia materia. Así mesmo, o alumnado deberá falar e escribir en galego nas probas. De non facelo, a proba en cuestión será cualificada con 0 puntos. Entenderase que unha proba está noutra lingua e non en galego cando o nivel de incorreccións supere o dobre do permitido (4 puntos por incorreccións lingüísticas).		

RECUPERACIÓN DA MATERIA DURANTE O CURSO

Avaliación	Recuperación	Data
1. ^a	Presentación das tarefas non presentadas ou non avaliadas de xeito positivo.	Antes da fin da 2. ^a avaliación.
2. ^a	Presentación das tarefas non presentadas ou non avaliadas de xeito positivo.	Antes da fin da 3. ^a avaliación.
3. ^a	Presentación das tarefas non presentadas ou non avaliadas de xeito positivo.	Antes da data da convocatoria ordinaria.

Convocatoria ordinaria (xuño)	Realización de exposicións ou outras tarefas non presentadas durante o curso. Realización de probas orais ou escritas para comprobar a superación dos criterios de avaliación.
-------------------------------	--

PROCEDEMENTO DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA NON SUPERADA DE CURSOS ANTERIORES

O alumnado coa materia de Lingua galega e Literatura non superada de cursos anteriores seguirá un **plan de reforzo**.

Realización de probas	
Xaneiro	Realización dunha 1ª proba (unidades 1-4). Se se supera, non será avaliada no seguinte parcial.
Maio	1ª proba superada: realización dun parcial coa restante parte da materia (unidades 4-9).
	1ª proba non superada: realización dun exame correspondente a toda a materia (unidades 1-9).

Realización de tarefas
Entrega en prazo de tarefas solicitadas ao longo do curso correctamente realizadas.

Avaliación	
Tarefas, exercicios entregados nos tempos requiridos	40 % da nota final
Proba escrita (maio ou xuño)	60 % da nota final
Sen tarefas presentadas	100 % nota do exame (maio)
Teranse en conta os contidos mínimos marcados na programación do curso ao que corresponda a materia pendente.	